



Arredores da Guarda con bórreo con cuberta vexetal (d. 1910)

Mais, en cambio, hoxe aínda atopamos algún exemplar illado, preferentemente na área das serras centrais galegas ou no sur do territorio ourensán. Poderíase considerar como unha solución doada para o labrego para evitar o labor de instalación de tella ou granito e aínda así a renovación da cuberta polo seu deterioro co paso do tempo é precisa. A cuberta de palla suxeitase con pequenas pedras na cumieira para que o vento non a desfaga.

Das poucas informacións das que dispoñemos, son hórreos con cámara de madeira enteira, algún deles con laterais de granito ou con pezas do mesmo material moi rústicas. Así sabemos que existían exemplares desta tipoloxía de cuberta nos arredores da Guarda nas primeiras décadas do século XX (1910), na década de 1970 había outros exemplares nos concellos de Bande, Poio ou Dozón. Tamén na Fraga (Lobeira), segundo o arquitecto Pedro de Llano había un exemplar cuberto con terróns. Noutros concellos a súa presenza é testemuñal: Entrimo, Amoeiro, etc.

En Portugal aínda hoxe en día existen hórreos desta tipoloxía de planta rectangular cubertos con palla como en Castro Daire (con cámara enteira de madeira) e supoñemos que foron moito máis frecuentes que na actualidade pola información que nos deixa-

ron autores portugueses ou Fritz Krüger sobre localidades como Montalegre ou Arcos de Valdevez.

2. 5. Os hórreos de tipo asturiano

O hórreo de tipo asturiano espállase por Asturias, Cantabria, o Leste de Galiza e o norte do territorio leonés, pero a cuberta vexetal presenta un área moito máis restrinxida dentro destas zonas, aínda que no pasado foi máis extensa. Así, en Asturias circunscríbese aos concellos de Sumiedu, Cangas de Narcea, Ibias, Grandas de Salime, San Martín de Ozcos e Vilanova de Ozcos. Existiu antigamente nos concellos de Santalla de Ozcos e Degaña e foi moito máis numeroso no de Sumiedu (do que hoxe só temos un exemplar) e Cangas de Narcea. Non obstante, existen referencias documentais de séculos pasados que certifican a súa presenza noutras áreas occidentais e centrais asturianas.

Na área oriental do territorio lugués sufriu un retroceso importante desde a década dos anos oitenta, aínda así consérvanse exemplares nos concellos da Fonsagrada, Pol, Cervantes, Navia de Suarna, Baleira, Baralla, Becerreá, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro. Tamén existiron en Castroverde, Triacastela e A Ribeira de Piquín. En cambio non hai constancia da súa existencia nos concellos da Pontenova, Riotorto, Meira e Negueira de Muñiz.




Hórreo teitado en Santa Comba dos Coutos (Ibias), d. 1990

Hórreo teitado con beirado de lousa en San Martín de Ozcos, d. 1990



Hórreo teitado en Crende (Pol), d. 2000




Nas comarcas do territorio leonés consérvanse algúns exemplares no Bierzo, Babia e L.laciana, e tamén sufriron un descenso paulatino. Varias son as causas da desaparición desta tipoloxía, por un lado, a falta de material (palla de centeo) para cubrir o teito e por outra a desidia das administracións por conservar estes elementos tan singulares. O tipo de material empregado é a palla ou a xesta (Sumiedu, Cangas de Narcea).

Dentro da propia tipoloxía podemos describir dúas subtipoloxías determinadas en boa medida polo que é o tipo de cuberta empregada. Unha delas, presenta unha armazón interior de vigas moi piramidal, coas táboas que pechan a cámara dunhas dimensións normais. A cuberta faise normalmente co sistema denominado *a facha* ou *a paleta*. A outra subtipoloxía presenta as táboas do zarramento da cámara máis baixas e a cuberta amósase moito máis aplanada e mesmo redondeada sobre a armazón de vigas interiores de madeira e soe corresponder coas cubricións feitas co sistema chamado *a veo* ou *a baguna*.

A operación de cubrición denomínase colmar e faise comezando polo bordo coa espiga mirando ao cumio, conseguindo varias capas de colmo húmido, para que se xunten e non esvaren. O sistema de *a veo* consiste en amarrar o colmo por unha serie de ringleiras entrelazadas de xesta, uz ou piorno. O outro sistema denominado *a facha* realízase con feixes de palla suxeitos chamados mandas, manadas ou manizas, que se unen cos vrcallos (ligaduras que se fan con palla, xesta, etc.).

Algúns exemplares combinan boa parte da cubrición de palla cun beirado de lousas ou cunhas poucas fileiras destas, resultado ás veces da substitución dun material por outro pouco a pouco ou xa que fosen así cubertos inicialmente (L.larón, Pasarou, San Martín de Ozcos, Hío, Vilares de Arriba, A Braña, Castañeiras, etc.).



Os pés que sosteñen a súa cámara poden ser de pedra (Piornedo) ou madeira, sendo os segundos os máis frecuentes e os tamaños moi diversos.

Os distintos compoñentes destes tipos de hórreos (normalmente chamados horros, hurros ou hurrios) non varían de máis segundo as zonas xa descritas. Os pés do hórreo sostéñense nunha pedra e pola parte de enriba levan outra para evitar os ratos (a rateira), sobre a que se asentan catro vigas que encaixan nos recantos (as cuadradas), onde se engarzan as táboas da cámara que reciben o nome de sebes (Ibias) ou no seu conxunto zarrume ou zarramento (Os Ozcos, A Fonsagrada) sobre as que se colocan outras catro vigas (os sobrevigos ou rodalos) que sosteñen toda a armazón da cubrición do teito.

Na esquina pode existir unha pequena madeira que serve para darlle máis consistencia á estrutura (é o gato). A cuberta piramidal componse de catro vigas fundamentais (os aguilois) e despois dun conxunto delas dispostas dun xeito horizontal (ripias) ou vertical (cangos, netos). Sobre estas ponse a palla e no cumio unha pequena pedra ou un recipiente de barro ou xa posteriormente de ferro (é o cume, pirula, curuto, etc.).

A base ou piso do hórreo forma no seu conxunto a chamada grade do hórreo feita con varias vigas horizontais denominadas pontós ou pontois ou ás veces tamén travesoiras. Algúns exemplares teñen corredores de pequenas táboas dispostas verticalmente que os recobren, chamadas doelas, que poden estar reforzadas con outras horizontais (as zarranchas). O acceso á cámara pode ser a través duna escaleira de pedra ou cunha de madeira de man, complementada por outra máis pequena que se sitúa na zona das cuadradas, chamada taolla.

Nos Ozcos (Morlongo), a rateira denomínase soleira, as cuadradas trabas e o cume pucho. No concello de Ibias (Liares) os pés chámanse canteiros, as cuadradas escuadradas, as rateiras soleiras, o zarrume sebes e cada unha das táboas traba, as vigas do teitado cangos e as do beirado beiras e o cume capilochos.

Nalgunhas comarcas leonesas o pé denomínase horcón, a cuberta teito, a trabe cuadrada e as vigas ripias e canteados.



2. 6. Os hórreos de tipo leonés

Actualmente posuímos ningún exemplar desta tipoloxía que estea cuberto con palla, pero o autor Hans Friedrich Gadow na súa obra *In Northen Spain* amósanos unha fotografía de finais do século XIX dun deles na vella localidade de Riaño con cuberta de palla a dúas augadas. Polo tanto, presumimos que no século XIX existiron moito máis hórreos leoneses cubertos con palla ou mesmo algúns dos actuais cubertos de tella estiveron de palla.

A estrutura destes hórreos está formada por catro pés, planta rectangular, catro trabes de madeira sobre os torna-ratos e cámara con táboas dispostas dun xeito vertical ou máis común horizontal. Cubríanse con palla a dúas vertentes e para suxeitala e reforzala contra as inclemencias climáticas colocábanse varios paus, uns seguindo a cumieira e outros a pendente da cuberta.

2. 7. Outras tipoloxías de hórreos portugueses

Diversas tipoloxías de hórreos portugueses tamén cubríanse con palla como aqueles cunha planta máis cuadrangular da zona de Paredes (Sobreira), con pés de granito, torna-ratos e cámara de madeira con doelas verticais reforzadas con outras horizontais. Outra das tipoloxías era a dos espigueiros altos da área de Montalegre, feitos sobre pés de madeira e unha cámara estreita que se vai agrandando conforme se achega ao teito e con táboas de madeira ben escuadradas. A cuberta de colmo reforzábese con pedras no cumio para evitar o vento.

3. Os muíños

Os muíños con cuberta vexetal son hoxe en día moi escasos. Seguramente que na Galiza existiron, pero hoxe non dispoñemos de ningún



edificio con este tipo de cuberta. En cambio, si os atopamos en Asturias, concretamente temos un bo exemplar na localidade de L'Auteiru (Sumiedu), de planta cuadrangular e muros de cachotería, preferentemente de caliza, e pedras máis coidadas nos marcos da porta de acceso e na xanela.

Posúe dous pisos, un onde se atopa todo o mecanismo do muíño e outro no que se empraza o rodicio, unha estrutura de madeira interior sobre os muros que non diverxe dos teitos e a cubrición tan característica de xesta, presente en todo o concello. Sobre esta apuntálase o cumio con corras e varios paus verticais sobre a pendente do teito. Neste concello asturiano hai constancia da existencia en épocas pasadas de máis muíños teitados.

Outros exemplares a salientar que mantiñan a súa cuberta vexetal na década de 1990 sitúábanse nalgúns localidades leonesas como Santibañez de Lomba, Oterico, Iruela, San Martín de Agostedo, Murias de Pedredo, etc., caracterizados por unha planta rectangular ou cuadrangular, de pequeno tamaño, muros de cachotería unidos con arxila, porta de acceso con marcos de madeira e xanela da mesma composición. Nos laterais aparecen os típicos testeiros feitos con lousas escalonadas. A cuberta de centeo (*cuelmu*) cunha estrutura interior de vigas de madeira era a dúas augadas. Este tipo de muíño existiu noutras comarcas leonesas e hoxe en día perviven aínda que perderon a súa primitiva cuberta. Tamén existe documentación antiga sobre muíños cubertos de palla na localidade de Suárbol.

Dúas fotografías do muíño de L'Auteiru (Sumiedu), d. 1990





Os exemplos máis numerosos nestes momentos atopámoslos nas terras portuguesas do Norte. Xa a principios do século XX existían conxuntos de muíños ou aceas teitados no río Cávado (preto de Braga), e agora quedan, por exemplo, algúns exemplares como na área de Montesinho (Bragança). Son pequenas construcións de planta máis ou menos rectangular, con muros de cachotería de granito e coas mellores pezas de cantería nos marcos das portas de acceso. A cuberta de colmo adáptase á orografía cunha disposición a dúas augadas e suxeitada, como en tantos outros exemplos de edificacións de cuberta vexetal, con paus dispostos de xeito horizontal, mesmo rústicos troncos de árbore sen labrar como na zona de Vinhais.

Outra área onde sabemos que existiron foi na Seabra, concretamente en San Ciprián. Na década de 1920 Fritz Krüger recolle unha fotografía dun pequeno muíño de planta rectangular, con muros de cachotería e as mellores pezas de cantería nos marcos da porta e no furado do varón. A cubrición cplletábase cun pequeno beirado de lousas moi irregular e o colmo disposto sobre as vigas de madeira nunha disposición de dúas augadas e cun pau horizontal na cumieira como reforzo.

4. As cabanas


Entre as construcións adxectivas as cabanas, cabanóns, palleiras, palleiros, combarrizos, tanadas, alpendres, garaixes, alprendes, alboios, cabanos, comba-

rrros, cubertos, palletes, pallotas, pallotes, pendellas, pendellos, etc., segundo a denominación nas distintas comarcas galegas, son, sen dúbida, as máis numerosas. A maior parte delas feitas con materiais moi rudimentarios e alonxadas das técnicas construtivas máis complexas. Nalgunhas comarcas asturianas denomínanse cabanas, cabanois ou alpendres como na eonaviega (Castropol, Coaña, El Franco).

Unha das tipoloxías consiste na construción dun muro de cachotería ou o aproveitamento do mesmo para despois a través de dous postes de madeira asegurar unha cuberta de palla dunha soa augada cunha pendente importante, suxeitada ademais por varios paus (Sarria, Riotorto, Portomarín). Tamén se aproveitan espazos existentes entre as vivendas e construcións anexas á casa para poñerlles un teito e uns postes de madeira cunha armazón de vigas interiores que cobren con palla. Estes postes de madeira ás veces vense substituídos por pequenas columnas de cachotería (San Martín de Ozcos, Santalla de Ozcos).


Outra tipoloxía máis elaborada preséntase exenta, feita con muros de pedra que abranguen unha planta rectangular que só ten o espazo aberto da entrada con vigas interiores de madeira, que moitas veces na fachada forman un triángulo e despois a cuberta de palla, suxeitada por un pau na cumieira ou por varios de xeito horizontal pola vertente das dúas augadas (Castro de Rei, Vilalba, Arcos de Valdevez, A Fonsagrada, Alfoz, Mabegondo, Friol, etc.).

Nesta tipoloxía e especialmente nos concellos do norte do territorio lugués (Alfoz,





O Valadouro, A Pastoriza, Muras, etc.) existe unha maior perfección e coitado nas técnicas construtivas. Deste xeito aínda hoxe sorprende o importante número de exemplares de paleiras, cun corpo de madeira e cuberta de palla ou xesta ou nas que interveñen pequenos muros ou piares de granito.



Algunhas delas posuían un corpo intermedio entre o formado polos muros ou por catro columnas e o teito, cunha especie de faiado utilizado para varias funcións (Castropol).

Estas construcións adxectivas están espalladas por toda

Galiza en lugares moi dispersos (Muíños, O Irixo, Baltar, A Gudiña, etc.), no Norte de Portugal, na comarca asturiana do Eo-Navia, e en diversas comarcas do norte do territorio leonés. Nas áreas occidental, central e oriental de Asturias existiron noutras épocas, así Fritz Krüger falando sobre Vil. lar de Bergame (Cangas de Narcea) di : *“fóra dos bórreos, existen nesta pro-*

Galiza en lugares moi dispersos (Muíños, O Irixo, Baltar, A Gudiña, etc.), no Norte de Portugal, na comarca asturiana do Eo-Navia, e en diversas comarcas do norte do territorio leonés. Nas áreas occidental, central e oriental de Asturias existiron noutras épocas, así Fritz Krüger falando sobre Vil. lar de Bergame (Cangas de Narcea) di : *“fóra dos bórreos, existen nesta pro-*

Construcións teitadas nos arredores de Vilalba (d. 1960)




Algunhas destas edificacións teñen importantes dimensións, especialmente na comarca da Montaña no territorio lugués (A Fonsagrada, As Nogais), cun espazo intermedio para gardar a palla e un piso para o carro e outros apeiros. E mentres nalgúns exemplares a fachada deixase aberta noutros existe unha cancela grande feita con táboas verticais reforzadas con outras horizontais e diagonais.

Pallar teitado e rapazas en Colunga (d. 1950)

Semellantes na estrutura construtiva aínda que con muros de cachotería ben rematados, con pedras máis amplas nos marcos das portas e cubertas de colmo, aínda quedaban exemplares nalgúns concellos centrais galegos como Dozón na década dos oitenta do século XX.




Outras fanse con táboas de madeira, postes e vigas, ás veces non dispostas dun xeito moi regular, pero normalmente cunha disposición vertical sobre as que se dispón a cuberta vexetal (Portomarín, Grandas de Salime).



inclinadas do teitado tanto as de tamaño longo como aquelas máis curtas que completan a estrutura.



Adoptan multitude de funcións, así poden servir para recoller distintos apeiros de labranza (arado, grade, escada de man, etc.), de xeito especial o carro para protexelo do sol e da chuvia e posteriormente o tractor, até converterse en cortes ou pallares. Nestes últimos o feno métese xa seco para que se conserve ben, precisando que circule o aire no interior. Tamén poden gardar a leña protexéndoa da chuvia. As cubertas vexetais son, tamén, de moi diversos materiais, empregándose o centeo, o trigo, a xesta (A Terra Chá), a escanda (antigamente na zona oriental asturiana) ou o millo (Riotorto).



PALLEIRA, MABEGONDO, A CORUÑA

Tipoloxías semellantes dánse por todo o noroeste peninsular con funcións, ás veces moi restrinxidas, pero con aspectos arquitectónicos xa descritos anteriormente como acontecía con talleres de zoqueiros (Portomarín).

vincia moi interesantes cabanas redondas, entretecidas de varas de abelaira, postas algunhas veces sobre pequenos piares, e están cubertas xeralmente de palla". Outras na zona oriental, presentaban un corpo de madeira e cuberta de escanda.

Nas comarcas zamoranas de Sayago, Aliste ou Alba moitas das construcións secundarias, feitas con muros moi rústicos de cachotería e sostidas con postes de madeira teñen unha cuberta de vigas interiores de madeira que se cobre con xesta como en Bermillo de Alba, Tola, Villaflor, Pino del Oro, Losilla del Alba, Escober, Domez, Litos, etc. A súa función consiste en albergar apeiros, o carro, a leña, etc. Asemesmo varios dos portalóns de acceso ás casas están tamén cubertos con materiais vexetais comunmente xesta.

No norte de Portugal existen varias subtipoloxías, aínda que algunha da zona de Arcos de Valdevez caracterízase por combinar a utilización da madeira coa pedra. Os chamados cabaneiros presentan unha planta rectangular, con postes verticais de granito situados nos catro recantos da construción e despois cóbrese o espazo con táboas de distinta feitura e unha porta. Teñen dous pisos, un baixo onde se poden gardar apeiros e outros produtos e un segundo onde se almacena a herba cunha pequena porta e sección triangular que se adapta á cuberta de palla reforzada con paus na cumieira e en parte da pendente. O sistema de vigas interior fundaméntase en dúas vigas horizontais postas sobre os catro postes de granito nas que apoiarán outras horizontais e as

4. 1. Os palleiros

Trátase dunha construción adxectiva sobranceira á que se debe adicar un apartado dentro das edificacións anexas e pola importancia que tiveron para o labrego, especialmente nas áreas do leste do territorio lugués, Norte do Bierzo e área eonaviega asturiana.

Normalmente moitos dos estudosos da etnografía destas terras confundíronnos con pallozas por estar teitados, pero teñen algunhas diferenzas: unha planta



Celeiro en Paradavella (A Fonsagrada), d. 1990



Palleiro en Brañela (A Fonsagrada), d. 1980



Palleiro en Santiso (Ibias), d. 1990



Palleiro en Busto (Ibias), d. 2000

máis pequena, que pode ser cadrada, redonda ou elipsoidal e unha función completamente distinta á palloza, a de servir de palleiro ou corte, pero sen ter nunca lareira nin forno ou ser aproveitado como habitación cando eran moitos os membros dunha familia. Algunhas das pallozas anteriores despois co uso do tempo converteríanse en palleiros.

Xa os cita o Catastro da Ensenada nos Ancares chamándoos “*caseta pajaza*” e deberon ser abondo numerosos. En Paradavella (A Fonsagrada) denomínanse tamén celeiros.

Poden ter unha ou dúas portas, sendo unha delas para o acceso do carro. Hoxe están en período de desaparición pero quedan algúns exemplos no concello de Ibias (Santiso, Busto), no leste lugués (Vilargüide, Sevane, Rao, Vilar do Son, San Pedro de Río, Paradavella, Piornedo, etc.) e existiron en moitas das localidades de Navia de Suarna, da Fonsagrada (Brañela, Seoane, Mourisco, etc.), de Becerreá (A Cortella), Baleira (Pereira) ou de Ibias (Cuantas).

Ademais de ter aínda exemplos hoxe cubertos de lousa nos concellos de Vilanova de Ozcos e Castropol. No norte berciano hai algún exemplo hoxe na localidade de Suárbol.

Emparentados con eles están os palleiros que existían nas leiras, de planta cuadrangular e cuberta de colmo, a dúas augadas e cunha soa porta. Servía para a protección do labrego e para gardar as ferramentas.

Outra construción semellante era o bodego, unha vivenda de poucas dimensións ocupada por labregos pobres, de planta rectangular, colmada e despois lousada co paso do tempo. Estaban divididos en dúas partes, unha para as persoas e outra para os animais e por enriba un palleiro (o parreiro).

4.2. As cortes e pallares

Un bo número destas construcións adxectivas serán cortes para os animais e pallares, constituíndo toda unha tipoloxía propia, especialmente no territorio leonés.



Así deste xeito, ao igual que as casas estes edificios presentan as mesmas características: muros de cachotería unidos con arxila, marcos de pedra ou madeira nos ocos de portas e ventás, almacén interior de vigas de madeira con cumio, cangos e ripias e cuberta de colmo a dúas (Turienzo de los Caballeros, El Ganso, Murias de Pedredo, Lucillo, Valdeón, Riaño, San Ciprián de Seabra, etc.) ou catro augadas (Malpica de Bergantiños). Algúns deles presenta un espazo intermedio entre o piso e o teito, unha especie de faiado e nalgunhas ocasións o piso é de madeira. Nos laterais, adoito nas comarcas leonesas aparecen os testeiros de lousa escalonados (Fornela, L.laciana, La Maragatería, A Cabreira, Babia, La Omaña, etc.) unidos con ringleiras de lousas que se colocan por enriba dos muros de cachotería formando o beirado do tellado.

Na comarca leonesa de La Cepeda existiron pallares cubertos de palla como en Vanidodes (Magaz de Cepeda), con planta rectangular dividida en dúas estancias: unha para os apeiros (especialmente o carro) e outra para palleiro. Os muros eran de barro con base de cachotería e a cubrición consistía nunha almacén de vigas interiores de madeira dispostas horizontal e verticalmente. A porta situabase nun dos lados curtos.

5. As colmeas

Tamén as colmeas nalgunhas áreas de Galiza cubríanse de palla como no Val Miñor. Feitas cun tronco de árbore baleirado e apoiadas nunha pedra granítica levaban no teito varios feixes de palla que se suxeitaban preto do cumio cunha corra para que non se desfaceren.



Palleiro en El Ganso (La Maragatería), d. 1990



Palleiro en Turienzo de los Caballeros (La Maragatería), d. 1990

6. Os pombais

Trátase de construcións, que dun xeito excepcional, posuían cuberta vexetal, un exemplo aínda pervivía na década de 1990 na localidade leonesa de Tombrío de Arriba, coas características propias dunha construción da área onde se enmarcaba con muros de cachotería unidos con arxila, planta rectangular e cuberta a catro augadas con cumieira ampla e interior de vigas de madeira. Na parte alta dun dos laterais da parede aparecían a serie de furados por onde entraban as pombas feitos entre a cachotería.

7. Os corros e chozos

Son construcións situadas en alta montaña, normalmente de planta circular, con muros de cachotería sen argamasa de unión, con porta de madeira ou sen ela. E aproveitan as mellores pedras para os marcos da porta.

Corro no Alto de los Picones (Palencia), d. 1990



Corro en Prioro (León), d. 1990





A cuberta é de forma cónica, con armazón interior de madeira e cuberta comunmente de xesta ou terróns (*tapín* na parte asturiana). Ás veces aparece un pequeno remate cunha pedra no cumio ou un reforzamento cunha corra.

A súa función era a protección e descanso dos pastores que coidaban o gando especialmente nas brañas e portos de montaña. A súa área xeográfica espállase desde as montañas palentinas (Alto de los Picones), até terras leonesas (Prioro, porto de Pandetrave) para continuar pola Cordilleira Cantábrica polos concellos de L.lena e Sumiedu, para volver aparecer nalgúns puntos de Portugal como nas áreas de Viseu, Dão e o Mondego, chamadas cabanas, cibanas ou choupanas. Teñen planta circular, cadrada e raras veces forma de ferradura, con cobertura cónica ou piramidal moi aristada, dun ou dous pisos, e o superior facendo a función de palleiro.

Na comarca de Aliste (Zamora) existen edificacións con estas características, son os *corrales de pastores*, caracterizados pola súa planta elipsoidal ou rectangular, muros de cachotería, porta de diversos tamaños con marcos de madeira e cuberta de xesta moi aplanada que ás veces cóbrese con pedras e paus, como por exemplo na localidade de Riofrío de Aliste. Tamén pódense construír uns a continuación doutros nunha mesma liña aproveitando as medianeiras e formando todo un conxunto.

8. Os batáns

Construción singular movida pola acción da auga e provista de dous mazos que serven para bater en mollado os tecidos dos teares artesanais. Como outras construcións etnográficas estiveron tamén teitados aínda que hoxe en día é difícil observalos cubertos de colmo, sabemos que algún deles estaba cuberto de palla na zona portuguesa de Bucos (Cabeceiras de Basto) coa mesma técnica xa descrita noutras edificacións: palla de centeo suxeitada con paus e pedras no cumio para evitar as inclemencias do tempo.

9. Os fornos

Na Galiza hoxe en día só se pode observar un bo exemplar na localidade de Chaguazoso (Vilariño de Conso), con planta rectangular, muros de cachotería de granito maiormente e as mellores pedras no marco da porta. A cubrición é de colmo cun pequeno beirado de granito e suxeitada con troncos de árbore sen tallar na cumieira e dispostos verticalmente sobre a pendente das dúas augadas. É de carácter comunal.

Nalgunhas áreas portuguesas tamén se atopan fornos con cubertas de colmo ou terróns, especialmente nas serras Amarela e da Peneda.

10. As pallozas dos caneiros

Nos caneiros, especialmente nos de Portomarín, fíciáanse unhas pequenas construcións baseadas nunha estrutura moi sinxela de ramas con forma cónica que se cubrían con feixes de palla suxeitados por varias corras dispostas de xeito horizontal e cun oco onde se facía a porta. A súa función era a de abeirar aos pescadores de anguías cando se producían as riadas para collelas. O pescador sitúabase nesta palloza, protexéndose e prendendo dentro dela lume.

11. Os lavadoiros

Outra das construcións que actualmente xa é difícil ver teitada, pero que no pasado nunha área restrinxida como a do concello de Bande aínda existía algún exemplar. A pía de auga estaba feita de pedra e cunha repisa para que as mulleres puidesen estar máis cómodas. Arredor catro postes de madeira suxeitaban unha armazón piramidal de vigas que cubríanse con palla de centeo reforzada por algúns paus dispostos horizontalmente e un remate en forma de carapucho.

12. As igrexas e outros edificios

Compártese moitas veces a idea de que os edificios relixiosos non podían estar cubertos con palla,




porque quitaba dignificación á igrexa, pero sabemos a través de documentos antigos que algunhas igrexas estiveron cubertas de palla, como acontece na zona de Riaño en León ou no leste do territorio lugués, ao igual que algunha das capelas (Os Ancares).

Outras construcións excepcionais con cuberta de palla foron algunhas casas nobiliarias (La Omaña) ou mesmo torres (Torrestío).


Tamén existiron adegas con cuberta de colmo nos Ancares segundo sabemos polo Catastro da Ensenada do século XVIII.



VALDEFERREIROS, IBIAS 1927




2 M



TURRIXÓN
TORRESTIO (1970)







13. Bibliografía

- ALONSO [GONZÁLEZ], Joaquín: *Arquitectura tradicional de la comarca de Omaña y valle de Samario (León)*, Diputación Provincial de León, León, 2003.
- ALONSO GONZÁLEZ, Joaquín-Miguel: *Los molinos tradicionales en la provincia de León*, Caja España, 1993.
- BAS [LÓPEZ], Begoña: *As construcións populares: Un tema de etnografía en Galicia*, Edición do Castro, A Coruña, 2002.
- COLEXIO PÚBLICO SAN CLEMENTE: *Cabaceiros*, Equipo de Normalización Lingüística do Colexio Público San Clemente, Caldas de Reis, 1993.
- CRESPI, L.: "Contribuciones al folklore gallego", *Conferencias y Reseñas de la Real Sociedad Española de Historia Natural Tomo IV*, Madrid, 1929.
- DIAS, Jorge / VEIGA DE OLIVEIRA, Ernesto / GALHANO, Fernando: *Espigueiros portugueses*, Dom Quixote, Lisboa, 1994.
- EBELING, Walter: *A terra e os homes. Fotografías de Walter Ebeling*, Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 2003.
- ESCUELA DE COUSO (A ESTRADA): "Hórreos del Valle de Veá", *El Museo de Pontevedra XXVIII*, Diputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra, 1974, 257-289.
- FEDUCHI, Luis: *Itinerarios de arquitectura popular española Vol. 2*, Blume, Barcelona, 1975.
- FLORES LÓPEZ, Carlos: *Arquitectura popular española Vol. II*, Aguilar, Madrid, 1973.
- GARCÍA FERNÁNDEZ, Efrén: *Hórreos, Paneras y Cabazos Asturianos*, Caja de Ahorros de Asturias, Oviedo, 1979.
- GARCÍA GRINDA, José Luis: *Arquitectura Popular Leonesa Tomo I*, Diputación Provincial de León, León, 1991.
- GIMSON, Mark: *As pallozas*, Galaxia, Vigo, 1983.
- GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *Antropología y etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares Vol. II*, Diputación Provincial de Lugo, Lugo, 1991.
- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel e outros: *Nos lindeiros da galegidade. Estudio antropológico do val de Fornela*, Consello da Cultura Galega, Compostela, 2002.
- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel / GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *Sociedade e tecnoloxía tradicionais do val de Ancares*, Consello da Cultura Galega, Compostela, 1996.
- GRAÑA GARCÍA, Armando / LÓPEZ ÁLVAREZ, Joaquín: "Arte y artistas populares en los hórreos y las paneras de Asturias: hórreos con decoración tallada de estriilo Villaviciosa", *Kobie nº 2*, Bilbao, 241-320.
- KRÜGER, Fritz: "Las Brañas. Contribución a la historia de las construcciones circulares en la zona astur-galaico-portuguesa", *BIDEA VIII*, Oviedo, 1949, 41-94.
- KRÜGER, Fritz: *El dialecto de San Ciprián de Sanabria*, Fundación Ramón Menéndez Pidal, Madrid, 2001.
- LLANO [CABADO], Pedro de: *Arquitectura popular en Galicia Vol. I e II*, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Vigo, 1981 e 1983.
- LÓPEZ ÁLVAREZ, Juaco / GRAÑA GARCÍA, Armando: "Las cubiertas vegetales en Asturias: notas sobre la historia de la casa redonda", *Arquitectura popular en España*, CSIC, Madrid, 1990, 415-429.
- LÓPEZ SOLER, Juan: *Los hórreos gallegos*, Museo Antropológico Nacional, Madrid, 1931.
- LORENZO [FERNÁNDEZ], Xaquín: *A casa*, Galaxia, Vigo, 1982.
- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Ignacio: *El hórreo gallego*, Fundación Barrié de la Maza, Montevideo, 1975.
- PONGA MAYO, Juan Carlos / RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, M^º Araceli: *Arquitectura popular en las comarcas de Castilla y León*, Junta de Castilla y León, Valladolid, 2000.
- VARELA AENLLE, Carlos Xesús: *O hórreo de tipo asturiano na montaña oriental de Galiza*, Mesa prá Defensa del Galego de Asturias, Eilao, 2001.
- VEIGA DE OLIVEIRA, Ernesto / GALHANO, Fernando: *Arquitectura tradicional portuguesa*, Dom Quixote, Lisboa, 1998.
- VV. AA.: "Hórreos de la parroquia de San Juan de Poyo", *El Museo de Pontevedra XXVIII*, Diputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra, 1974, 244-253.